

Resolución do 22 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a lista definitiva para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2021-2022 correspondente ao corpo de mestres, (597) especialidade: 038- Educación Primaria.

Pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, déuselle publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (*Diario Oficial de Galicia* n.º 131, do 11 de xullo de 2017), que, no seu apartado segundo, establece a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de acceso ao corpo de mestres, convocados pola Orde do 24 de febreiro de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* do 13 de marzo), procede actualizar a lista de interinidades e substitucións correspondente á especialidade de *038- Educación Primaria*, nos termos que establece a base vixésimo sexta da citada convocatoria.

Por medio dunha resolución do 17 de febreiro de 2022 aprobouse e fíxose pública a lista provisional, de persoas admitidas e excluídas, para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2021-2022 correspondentes ao corpo de mestres, *especialidade: 038- Educación Primaria*.

Logo de analizadas as alegacións formuladas á lista provisional e á relación provisional de persoas excluídas, e con base no que establece o punto segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 e a base vixésimo sexta da dita Orde do 24 de febreiro de 2020,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a lista definitiva para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2021-2022 correspondente ao corpo de mestres, *(597) especialidade: 038- Educación Primaria*, convocado pola Orde do 24 de febreiro de 2020, con dereito a incorporación á correspondente lista.

Segundo. Aprobar a relación definitiva de persoas excluídas da lista indicada no apartado anterior, polas causas que en cada caso se indica.

Terceiro. Ordenar a publicación da lista definitiva e da relación definitiva de persoas excluídas no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal.



Cuarto. Coa aprobación e publicación da lista definitiva de persoas admitidas e da relación definitiva de persoas excluídas enténdense resoltas as reclamacións e alegacións formuladas contra a lista provisional e contra relación provisional de persoas excluídas.

Quinto. Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), un recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <https://www.edu.xunta.gal>, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

